

Adam Smith, considerado o primeiro gran economista, publicou hai 250 anos a súa obra principal, *A riqueza das nacións*, na que defendía as vantaxes do libre comercio para mellorar o benestar dos pobos. Conmemoramos tamén o 40 aniversario da entrada de España e Portugal no que hoxe é a Unión Europea (UE), cuxo primeiro paso foi a creación dun Mercado Común e a eliminación progresiva das alfándegas entre os Estados membros. Non obstante, no contexto internacional actual obsérvase que o xefe do Executivo da principal potencia económica mundial promove políticas arancelarias destinadas a protexer sectores produtivos nacionais e a exercer presión sobre socios comerciais non aliñados coas súas orientacións estratéxicas, reactivando dinámicas contrarias ao libre comercio.

Se ollamos ao noso entorno máis próximo, comprobamos a vixencia das teses de Adam Smith. Coa entrada na UE, Galicia incorporouse a un espazo económico moito máis amplo e desapareceu, a efectos prácticos, a fronteira económica con Portugal. Desde entón, Galicia medrou por riba da media estatal e pasou de ocupar o posto 14 ao 9 en renda per cápita no conxunto das comunidades autónomas. O Norte de Portugal tamén resultou beneficiado por este proceso de integración.

Esta reflexión conecta coa figura de Juana de Vega, que no século XIX defendeu a modernización de Galicia, a apertura ao coñecemento europeo e a inserción do país nas grandes correntes económicas, culturais e sociais do seu tempo, nunha liña plenamente coherente cos principios do liberalismo económico e co proxecto europeo contemporáneo.

Esta coincidencia de efemérides constitúe unha oportunidade para analizar estes procesos e extraer conclusións de utilidade para o presente. Neste marco, a Fundación Juana de Vega, a través da Cátedra Juana de Vega da Universidade de Santiago de Compostela, integrada no Departamento de Historia Contemporánea da USC, organiza estas xornadas, que se celebrarán os días 5, 6 e 9 de marzo de 2026, coa participación de destacados expertos de España e Portugal, e abertas a todas as persoas interesadas.

Celebramos

250 anos da publicación de *A riqueza das nacións*

5 de marzo ás 16:00 h. e 6 de marzo ás 10:00 h.

📍 Paraninfo da Facultade de
Xeografía e Historia

40 anos da entrada da Galiza e o Norte de Portugal na Unión Europea

9 de marzo ás 09:00 h.

📍 Salón de Graos da Facultade de
Ciencias Económicas e Empresariais

Comité organizador

Luisa Muñoz Abeledo

Cátedra Juana de Vega
Universidade de Santiago de Compostela

Enrique Sáez Ponte

Fundación Juana de Vega

Diego Sande Veiga

Universidade de Santiago de Compostela

Alfonso Ribas Álvarez

Fundación Juana de Vega

Organiza

Fundación Juana de Vega - Cátedra Juana de Vega



Fundación
Juana de Vega

Do 5 ao 9 de marzo de 2026
Universidade de Santiago de Compostela
Entrada libre

Adam Smith e Nós

*Da riqueza das nacións
á riqueza das rexións*



250 anos da publicación de *A riqueza das nacións*

9 Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia

Xoves, 5 de marzo

16.00 a 16.15 h. Acto institucional de apertura.

Adam Smith: fundamentos, interpretacións e debates

16.15 a 17.00 h. “A propósito de A. Smith: mitos, equívocos y dilemas” por Fernando López (Universidad de Granada).

17.00 a 17.45 h. “Adam Smith y su enfoque sobre la influencia de la banca en la balanza comercial” por José Menudo (Universidad Pablo de Olavide).

Venres, 6 de marzo

Adam Smith e os desafíos económicos contemporáneos

10.00 a 10.45 h. “Traducir *A riqueza das nacións* hoxe” por Manuel Fernández Grela (Universidade de Santiago de Compostela).

10.45 a 11.30 h. “Adam Smith como solución aos problemas actuais: horizontalidade no prezo, aranceis, sociedade civil e acumulación” por Estrella Trincado Aznar (Universidad Complutense de Madrid).

11.30 a 12.00 h. Debate.

12.00 a 12.30 h. Pausa para o café.

12.30 a 13.15 h. “O liberalismo económico despois de Adam Smith” por Alfredo Macías Vázquez (Universidad de León).

13.15 a 13.45 h. Debate.

40 anos da entrada da Galiza e o Norte de Portugal na Unión Europea

9 Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Luns, 9 de marzo

09.00 a 09.30 h. Acto institucional de apertura.

A Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal na Unión Europea

SESIÓN I. Pensamento económico, integración europea e territorio.

09.30 a 10.15 h. “A Unión Europea: crecemento rexional, libre circulación de capital, persoas e mercadorías e o papel das eurorrexións” por Elisa Ferreira (Facultade de Economía da Universidade do Porto | Ex-Comisaria Europea de Cohesión e Reformas).

10.15 a 11.00 h. “A Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal e a entrada na UE: unha perspectiva galega desde a xeografía económica” por Rubén Camilo Lois González (Universidade de Santiago de Compostela | Director do IDEGA).

11.00 a 11.25 h. Debate: Marco europeo, integración territorial e papel das eurorrexións.

11.25 a 11.45 h. Pausa para o café.

SESIÓN II. Cooperación territorial, mercado e desenvolvemento económico.

11.45 a 12.30 h. “Galicia–Norte de Portugal e a entrada na UE: política, regulación e libre mercado” por Miguel Anxo Bastos (Universidade de Santiago de Compostela).

12.30 a 13.15 h. “As relacións comerciais e económicas de Galicia co Norte de Portugal (e máis aló)” por Diego Sande Veiga (Universidade de Santiago de Compostela).

13.15 a 13.40 h. Debate: Mercado, regulación e integración económica real na Eurorrexión.

13.40 a 16.30 h. Pausa para o xantar.

SESIÓN III. Cidades, cooperación e desenvolvemento rexional.

16.30 a 17.15 h. “O Eixo Atlántico: desenvolvemento, cohesión e cidades. Unha visión da construción europea do Norte de Portugal” por António Manuel Figueiredo (Universidade do Porto | Quaternaire Portugal).

17.15 a 18.00 h. “Cooperación territorial Galicia–Norte de Portugal: recuperación económica, sectores estratéxicos e desenvolvemento rexional” por Francisco Carballo-Cruz (Universidade do Minho).

18.00 a 18.30 h. Debate final e clausura: Cara a unha Eurorrexión máis integrada, competitiva e sostible.